

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE

(A CORUÑA)

D. José Antonio Estévez Araújo, en relación ao proceso selectivo iniciado mediante **as Ofertas de Emprego Público de 2017 (Resolución de alcaldía núm. 1511/2017 de 29 de decembro de 2017, BOP A Coruña núm. 2 de 3 de xaneiro de 2018), 2018 (Xunta de Goberno Local de 5 de decembro de 2018, BOP A Coruña núm. 239 de 17 de decembro de 2018) e 2019 (Resolución de alcaldía núm. 1378/2019, de 27 de decembro de 2019, BOP A Coruña núm. 1 de 2 de xaneiro de 2020)**, e en relación á selección de 3 prazas de auxiliar administrativo, actuando en nome e dereito propio, comparezo e como mellor proceda en Dereito,

DIGO:

Que na convocatoria e bases para cubrir as 3 prazas de auxiliar administrativo, aprobadas mediante **Resolución de alcaldía do Concello de Fene de 14 de decembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 217 de 18 de decembro de 2020**, acórdase a provisión de ditas prazas mediante concurso-oposición.

Que mediante o presente escrito, veño a interpoñer un RECURSO POSTESTATIVO DE REPOSICIÓN, en tempo e forma, contra dita resolución, e de conformidade co establecido no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tomando como base as seguintes

ALEGACIONES:

PRIMEIRA.-

Que segundo as bases específicas para cubrir as 3 prazas de auxiliar administrativo incluídas nas Ofertas de Emprego Público de 2017, 2018 e 2019 do Concello de Fene, a provisión de ditas prazas realizárase mediante **concurso-oposición**.

SEGUNDA.-

Que segundo o **Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local**, no seu artigo 169 no seu apartado 2 regúlase o seguinte:

“A selección dos funcionarios axustárase ás seguintes regras:

c) O ingreso na **Subescala Auxiliar farase por oposición libre**, con esixencia, en todo caso, do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grado, ou equivalente.”

Como este artigo 169. Do TRRL é básico, e é o que se aplica con referencia, resulta que recobrou o vigor, e fortalecido, polo que as vacantes das prazas de auxiliar administrativo teñen que estar provistas unicamente mediante o sistema de oposición libre, sen que caiba empregar xa o concurso-oposición nin o concurso, sistemas excluídos no precepto citado (letra c).

TERCEIRA.-

Que segundo o **Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local no seu artigo 2 regula o seguinte:**

“O ingreso na Función Pública Local realizarase, con carácter xeral, a través do **sistema de oposición**, salvo que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, sexa máis axeitada a utilización do sistema de concurso-oposición ou concurso.”

Neste mesmo precepto límitase a utilización do sistema de concurso-oposición, e máis aínda o concurso, aos casos excepcionais nos que a natureza das prazas ou das funcións convertan a estes outros sistemas nos máis axeitados. Dito artigo constitúe norma básica no senso previsto no artigo 149.1.18 da Constitución conforme á Disposición Final Primeira do citado RD 896/91.

CUARTA.-

Que segundo o **Tribunal Constitucional (Sentenza 27/91)**, o concurso-oposición non é o sistema que mellor garante os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade (artigo 23.2 e 103.3 da Constitución Española), en detrimento do xeral de oposición, que só pode ser obviado cando pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar sexa máis axeitada a utilización dos outros dous sistemas, concurso-oposición e concurso. Finalmente, no artigo 4 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de aplicación supletoria á Función Pública Local (artigo 1.3 do mesmo), reitera esta previsión.

En virtude do exposto:

SUPPLICO

1. Que tendo por presentado este escrito acorde ter por interposto o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra as Bases para cubrir as 3 prazas de auxiliar administrativo das Ofertas de Emprego Público de 2017, 2018 e 2019 (**Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 217 de 18 de decembro de 2020**).
2. Que por todo o exposto xa non cabe empregar o concurso-oposición, nin motivándoo, pois o artigo 169.2 do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local non o permite, xa que o sistema que unicamente se pode usar é o de oposición libre, excluindo as excepcións motivadas.
3. Que teña por realizada as anteriores manifestacións, e na súa virtude, acorde modificar as bases para cubrir 3 prazas de auxiliar administrativo ao non axustarse á normativa mencionada e **que o sistema de selección se faga por oposición libre** e que de non terse en conta podería ser contraria a dereito.